

Resolución de concesión de axuda

CONVOCATORIA 2022 DAS AXUDAS Á IMPLANTACION DA LOXÍSTICA AVANZADA E SUSTENTABLE, SUSCEPTIBLES DE SER FINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

1. Antecedentes:

Por Resolución do 4 de agosto de 2022 (DOG nº 150, do 8 de agosto de 2022), publicáronse as bases reguladoras das axudas á implantación da loxística avanzada e sustentable para o ano 2022, susceptibles de ser financiadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Estas axudas son susceptibles de ser financiadas no marco do programa operativo Feder Galicia 14-20, que ten unha taxa de cofinanciamento do Feder do 80 %, computando como cofinanciamento nacional o investimento privado elixible dos beneficiarios polo 20 % restante. En particular:

Obxectivo temático 03: Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do FEADER) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP).

Prioridade de investimento 03.04: Apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais e nos procesos de innovación.

Obxectivo específico 03.04.01: Promover o crecemento e a consolidación das pemes, en particular mellorando o seu financiamento, tecnoloxía e acceso a servizos de apoios avanzados; incluíndo os sectores agrícola, pesqueiro, mariño, marítimo, turístico, cultural, comercial (...).

Actuación 3.4.1.3: Apoio a proxectos de investimento empresarial para promover o crecemento e consolidación das pemes.

Campo de intervención CE001: investimento produtivo xenérico en pemes.

Liña de actuación 07: apoio ao financiamento das pemes.

O que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e o Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

A concesión desta axuda supón a aceptación do beneficiario a ser incluído na lista pública de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013. Así mesmo, o beneficiario deberá cumprir os requisitos de publicación e comunicación en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no Anexo XII, apartado 2.2 do devandito Regulamento (UE) nº 1303/2013.

Para a avaliación das 35 solicitudes presentadas aplicáronse os seguintes criterios de selección e avaliación de proxectos establecidos no artigo 6.3 das bases reguladoras da axuda:

1º-Calidade técnica do proxecto: ata 60 puntos, que se avaliarán con cada un dos seguintes parámetros:

- i. Descrición do proxecto (20 puntos):
 - a. Grao de análise previa da situación: Descrición clara e concreta do problema ou a necesidade que se pretende abordar con identificación da situación de partida e dos resultados esperados (10 puntos).
 - b. Claridade na definición e obxectivos (6 puntos).
 - c. Grao de elaboración e concreción da proposta (4 puntos).
- ii. Adecuación do proxecto (15 puntos):
 - a. Descrición de aspectos claves, actuacións e entregables (10 puntos).
 - b. Correlación entre os obxectivos de mellora loxística identificados no proxecto e os investimentos e gastos propostos (5 puntos).
- iii. Tipo de solución e melloras esperadas en relación cos ámbitos de actuación descritos no artigo 1 (15 puntos).

- iv. Grao de madurez, nivel tecnolóxico e amplitude da solución proposta (10 puntos):
- Valoraranse con maior puntuación os proxectos baseados en tecnoloxía máis avanzada (5 puntos).
 - Valoraranse con maior puntuación os proxectos de implantación inmediata fronte aos que requiren desenvolvemento previo (5 puntos).
- 2º- Adecuación dos investimentos e capacidade económica: ata 15 puntos, que se avaliarán do seguinte xeito:
- Identificación de partidas, desagregación dos orzamentos (5 puntos).
 - Calidade de ofertas e provedores (5 puntos):
 - Alcance das ofertas.
 - Documentación empregada para solicitar a oferta ou adxunta a esta.
 - Viabilidade do proxecto fronte ao volume da empresa: ratio de investimento fronte a facturación declarada na solicitude da axuda (5 puntos).

3º Alcance do proxecto: ata 15 puntos, que se avaliarán do seguinte xeito:

- Número de empresas beneficiarias do proxecto: 1 puntos por empresa ata un máximo de 8 puntos (para proxectos individuais: 1 punto).
- Alcance: ata a cantidade máxima de 7 puntos, outorgarase 1 punto por cada un dos ámbitos de actuación descritos no Artigo 1 aos que o proxecto responda.

4º Sector ou ámbito de actividade no que se desenvolva o proxecto: 10 puntos, que se outorgarán a proxectos onde a maioría das empresas que participen pertencen a sectores prioritarios definidos na Axenda de Competitividade:

- Estratéxicos: Agroalimentación, Automoción, Enerxías Renovables, Madeira/Forestal, Naval/Industria marítima, Pedra Natural, Têxtil-moda.
- Emerxentes e de alto potencial: Aeronáutico/aeroespacial, Industria da saúde e do benestar, Industrias creativas, Biotecnoloxía, Novos materiais, Ecoindustria, TIC.

En caso de coincidir a puntuación de varias solicitudes, utilizarase como criterio de desempate o de maior puntuación sucesivamente nos criterios 1º, 2º e 3º, por esa orde. Se aínda así seguise existindo empate, co fin de promover a incorporación do principio transversal de igualdade enunciado no art. 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, decidirase a favor do proxecto no que a maioría das empresas participantes teñan implantado un plan de igualdade, identificado no formulario electrónico de solicitude polo seu localizador no Rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo, de acordo co establecido no artigo 11 do Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro. No caso de que persista o empate, en último termo terá preferencia a solicitude que teña o número de expediente máis baixo.

Os proxectos deberán acadar as seguintes puntuacións mínimas para poder optar á concesión da axuda en réxime de concorrencia competitiva:

Modalidades dos artigos 1.1.a: 50 puntos.

Modalidades dos artigos 1.1.b: 30 puntos.

Unha vez analizados conxuntamente os informes técnicos dos 35 proxectos presentados dentro do prazo establecido, tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación dos anteriores criterios de avaliación, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Competitividade do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria de AXUDAS Á IMPLANTACIÓN DA LOXÍSTICA AVANZADA E SOSTIBLE, SUSCEPTIBLES DE SER FINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020, con data 22/03/2023.

2. Resolvo:

Primeiro. Aprobar a concesión das subvencións aos 21 beneficiarios que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles e que supoñen un total de 469.303,84 euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

Segundo. Denegar as 14 solicitudes presentadas polos interesados que se sinalan no anexo II polas causas sinaladas no mesmo.

Terceiro. Aprobar as condicións particulares para cada beneficiario derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos,

Cuarto. Publicar a resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> (apartado "Resolucións definitivas" <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>), de acordo co establecido no artigo 13.5 das bases reguladoras.

Habilítase un prazo de 10 días naturais para que os interesados accedan á Oficina virtual do Igape no citado enderezo <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e descarguen a súa resolución individual.

3. Recursos:

As resolucións individuais esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido.

Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
O director xeral do Igape	Fernando Guldrís Iglesias	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina

ANEXO I

Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2022 DAS AXUDAS Á IMPLANTACION DA LOXÍSTICA AVANZADA E SUSTENTABLE, SUSCEPTIBLES DE SER FINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG289.2022.1.17	SELMARK, S.L. (B36610525)	LOXÍSTICA AVANZADA 2022	84,00	30/09/2023	30/09/2023	26.987,89	39,82	10.746,97
IG289.2022.1.22	AGROAMB PRODALT, S.L. (B27257666)	AGROAMB LOXÍSTICA 4.0	84,00	30/09/2023	30/09/2023	18.427,00	43,89	8.088,50
IG289.2022.1.23	PMAS FULL SPORT, S.L. (B27827849)	INTEGRACIÓN DA LOXÍSTICA NA CADEA DE VALOR DA ORGANIZACIÓN, DESDE A RECEPCIÓN DO PEDIDO ATA A ENTREGA AO CLIENTE, MEDIANTE A CONECTIVIDADE DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN E A ACCESIBILIDADE AO CLIENTE	84,00	30/09/2023	30/09/2023	19.525,00	48,52	9.473,75
IG289.2022.1.18	CECOAGRO CENTRAL DE COMPRAS, S.L. (B27284546)	SILOGISTICS: SENSORIZACIÓN DE SILOS EN FÁBRICA E GANDERÍAS	79,00	30/09/2023	30/09/2023	45.443,00	42,16	19.158,55
IG289.2022.1.19	DELAGRO, S. COOP. (F74146846)	AUTOMATIZACIONES NA XESTIÓN DO PROCESO LOXÍSTICO	79,00	30/09/2023	30/09/2023	25.379,01	46,23	11.732,25
IG289.2022.1.13	MEGATECH INDUSTRIES ORENSE, S.L. (B32285264)	REDESEÑO DA LOXÍSTICA INTERNA DUNHA LIÑA DE PRODUCCIÓN POR MEDIO DA IMPLMETACIÓN DE	78,00	30/09/2023	30/09/2023	243.246,00	25,00	60.811,50

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
		ROBOTS MÓVILES COLABORATIVOS						
IG289.2022.1.25	GALLEGA MECANICA, S.L. (B36885598)	INSTALACIÓN ALMACEN AUTOMÁTICO PARA O PROCESO AERONÁUTICO	76,00	30/09/2023	30/09/2023	36.000,00	25,00	9.000,00
IG289.2022.1.15	HEVA DETER HISPANICA, S.L. (B27718964)	LOXÍSTICA AVANZADA 2022	73,00	30/09/2023	30/09/2023	131.890,00	41,14	54.255,50
IG289.2022.1.20	DROGAS VIGO, S.L. (B36030179)	AUTOMATIZACIÓN E DIXITALIZACIÓN DOS PROCESOS LOXÍSTICOS DE DROGAS VIGO S.L.	73,00	30/09/2023	30/09/2023	73.505,48	41,40	30.429,06
IG289.2022.1.32	INDUSTRIAS GUERRA, S.A. (A36018026)	IMPLANTACIÓN DUNHA SOLUCIÓN PARA A DIXITALIZACIÓN INTEGRAL DE OPERACIÓNS DE LOXÍSTICA PARA MELLORA DA PRODUTIVIDADE	73,00	30/09/2023	30/09/2023	47.400,00	25,00	11.850,00
IG289.2022.1.21	H PANIAGUA, S.L. (B32001893)	ROBOT AUTÓNOMO PARA PALETIZADO E TRASLADO DE MERCADORÍA	69,00	30/09/2023	30/09/2023	149.791,00	39,88	59.739,35
IG289.2022.1.5	MECANIZADOS RODRIGUEZ FERNANDEZ, S.L. (B32015315)	AUTOMATIZACION E CAMBIO DE LAYOUT DAS SECCION DE MONTAXE DE MRF.SL	68,00	30/09/2023	30/09/2023	84.173,88	25,00	21.043,47
IG289.2022.1.14	PINTURAS CARLOS VARELA,S.L.U. (B27515774)	PROXECTO DE INVESTIMENTO PARA MELLORA DE EFICIENCIA E COMPETITIVIDADE NO MERCADO	67,00	30/09/2023	30/09/2023	37.287,19	35,00	13.050,52
IG289.2022.1.6	DON DISFRAZ, S.L.U. (B94187382)	IMPLANTACION SXA- SISTEMA DE ALMACENAXE	64,00	30/09/2023	30/09/2023	48.219,56	42,06	20.281,85

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG289.2022.1.26	SETGA, S.L. (B36699064)	LOXISTICA AVANZADA 2022	63,00	30/09/2023	30/09/2023	87.486,42	25,00	21.871,61
IG289.2022.1.9	IBERCISA DECK MACHINERY, S.A. (A36606507)	IMPLANTACIÓN DUNHA LOXÍSTICA AVANZADA E SUSTENTABLE NO SECTOR NAVAL	62,00	30/09/2023	30/09/2023	12.743,44	41,68	5.310,86
IG289.2022.1.7	ROEIRASA, S.A. (A36615037)	ADAPTACIÓN Á EXPANSIÓN DA EMPRESA DOS SEUS PROCESOS LOXÍSTICOS E INFRAESTRUTURA DIXITAL ASOCIADA	61,00	30/09/2023	30/09/2023	34.265,00	50,00	17.132,50
IG289.2022.1.30	KINARCA, S.A. (A36646040)	LOXISTICA AVANZADA 2022	59,00	30/09/2023	30/09/2023	28.000,00	25,00	7.000,00
IG289.2022.1.28	HORTICOLAS JAVIER MIRANDA, S.L. (B27499003)	APP4LO:AUTOMATIZACIÓN NO ENVASADO E MANIPULACIÓN DE PATACAS PARA A OPTIMIZACIÓN DA LOXÍSTICA	58,00	30/09/2023	30/09/2023	129.353,00	39,30	50.841,10
IG289.2022.1.8	COMENZA, S.L (B83900670)	DESEÑO DE FLUXOS LOXÍSTICOS DO HUB DE COMENZA	55,00	30/09/2023	30/09/2023	13.500,00	50,00	6.750,00
IG289.2022.1.24	INVERGES LOGISTIC, S.L.UNIPERSONAL (B01859412)	AUTOMATIZACIÓN DE CLASIFICACION DE VULTOS E GEOLOCALIZACION DE MERCANCIAS E VEHICULOS	50,00	30/09/2023	30/09/2023	48.790,00	42,50	20.736,50

TOTAL:

469.303,84



UNIÓN EUROPEA

ANEXO II

Axudas denegadas

CONVOCATORIA 2022 DAS AXUDAS Á IMPLANTACION DA LOXÍSTICA AVANZADA E SUSTENTABLE, SUSCEPTIBLES DE SER FINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG289.2022.1.1	TRANSPORTES POZO, S.L. (B32012106)	Dixitalización dos procesos de transporte	Non cumpre a condición de beneficiaria: O artigo 13 do Regulamento 651/2014 polo que se declaran determinadas categorías de Axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, determina que as Axudas de finalidade rexional non son de aplicación para o sector dos transportes.
IG289.2022.1.2	OLIFREN, S.L. (B36423192)	NOVA ERA PARA SERVI GLOBAL	Non cumpre a condición de beneficiaria: O artigo 13 do Regulamento 651/2014 polo que se declaran determinadas categorías de Axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, determina que as Axudas de finalidade rexional non son de aplicación para o sector dos transportes.
IG289.2022.1.3	FACOSA EQUIPAMIENTO INDUSTRIAL, S.L. (B36587160)	Dixitalización de procesos loxísticos en Facosa	<p>Incumprimento do artigo 3 das BBRR, que establece a concorrencia con outras axudas ou subvencións públicas: estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas sempre que a contía das axudas acumuladas non supere as porcentaxes máximas establecidas no artigo 6 destas bases, cos límites previstos no artigo 5.2.</p> <p>Consta concedida unha axuda para o mesmo proxecto cos mesmos conceptos e importes a través dun expediente da convocatoria de axudas IG240.2022.1, que ten as mesmas porcentaxes máximas e límites indicados no parágrafo</p>

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
			anterior.
IG289.2022.1.4	SOCIEDAD DE TRANSPORTES, S.L. (B32008625)	DESARROLLOS E IMPLANTACION DE PLATAFORMA DE VENTA DE BILLETES DE AUTOBUS	Non cumpre a condición de beneficiaria: O artigo 13 do Regulamento 651/2014 polo que se declaran determinadas categorías de Axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, determina que as Axudas de finalidade rexional non son de aplicación para o sector dos transportes.
IG289.2022.1.10	FORMATO VERDE, S.L. (B32280760)	Optimización de elementos de transporte para contenedores de carga lateral	<p>O beneficiario non cumpre o establecido no artigo 5.7.d) das BBRR, para investimentos e gastos de importe igual ou superior aos 15.000 € :Todas as ofertas deberán mostrar unha data de emisión e un prazo de validez.</p> <p>O proxecto non cumpre o importe subvencionable mínimo establecido no artigo 1.4 das BBRR: Unha vez retirados os importes dos conceptos de que non cumpren o establecido no artigo 5.7 d), a cantidade resultante non acada o importe subvencionable mínimo (12.000 €).</p>
IG289.2022.1.11	GISVA, S.A. (A15077027)	Proxecto de mellora loxística mediante o etiquetado e almacenaxe integrado.	<p>O beneficiario non cumpre o establecido no artigo 5.7. das BBRR, para investimentos e gastos de importe igual ou superior aos 15.000 €: O beneficiario deberá presentar tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación; todas as ofertas deberán mostrar unha data de emisión e un prazo de validez.</p> <p>O concepto "sinalización e demarcación das zonas de almacenaxe" non se corresponde cun concepto subvencionable, segundo o establecido no artigo 5.1 das BBRR.</p> <p>O proxecto non cumpre o importe mínimo establecido no artigo 1.4 das BBRR:</p>



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
			Unha vez retirados os importes dos conceptos que non cumpren o establecido no artigo 5.7, así como o concepto non subvencionable segundo o artigo 5.1, a cantidade resultante non acada o importe subvencionable mínimo (12.000 €).
IG289.2022.1.12	SIMEI GLOBAL CONSULTING, S.L. (B88060330)	****	<p>O proxecto non cumpre o establecido no artigo 1 "Obxecto" das BBRR, relativo aos proxectos individuais: Os proxectos poderán ser proxectos individuais en que unha peme aborda a implantación dun sistema de mellora da súa función loxística, parcial ou integral. O proxecto presentado non está orientado a mellorar os procesos loxísticos da empresa, desenvolve unha plataforma para dar servizos de mellora loxística a terceiros.</p> <p>O proxecto incumpe o artigo 5 "Conceptos de gastos subvencionable", apartado 9: No caso de investimento en activos intanxibles, para ser considerados subvencionables, deberán cumprir ademais todas estas condicións: 1) empregaranse exclusivamente no establecemento beneficiario da axuda; 2) ...</p>
IG289.2022.1.16	SINERXIA PLUS CONSULTORA, S.L. (B27743897)	SINERXIA ADVANCE	<p>O proxecto non cumpre o establecido no artigo 1 "Obxecto" das BBRR, relativo aos proxectos individuais: Os proxectos poderán ser proxectos individuais en que unha peme aborda a implantación dun sistema de mellora da súa función loxística, parcial ou integral. O proxecto presentado non está orientado a mellorar os procesos loxísticos da empresa, desenvolve un servizo para a función loxística no ámbito de actuación da dixitalización e automatización e de procesos de aplicacións para terceiros.</p> <p>O proxecto incumpe o artigo 5 "Conceptos de gastos subvencionable", apartado 9: No caso de investimento en activos intanxibles, para ser considerados subvencionables, deberán cumprir ademais todas estas condicións: 1) empregaranse exclusivamente no establecemento beneficiario da axuda; 2) ...</p>

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG289.2022.1.27	GALURESA, S.A. (A15009822)	Solución para la reducción de costes, plazos e impacto ambiental en los procesos de puesta a disposición de productos finales para los consumidores	<p>O proxecto non cumpre o establecido no artigo 1 "Obxecto" das Bases Reguladoras relativo aos proxectos individuais: Os proxectos poderán ser proxectos individuais en que unha peme aborda a implantación dun sistema de mellora da súa función loxística, parcial ou integral. O proxecto desenvolve unha aplicación móbil á disposición dos clientes finais.</p> <p>O proxecto incumpe o artigo 5 "Conceptos de gastos subvencionable", apartado 9: No caso de investimento en activos intanxibles, para ser considerados subvencionables, deberán cumprir ademais todas estas condicións: 1) empregaranse exclusivamente no establecemento beneficiario da axuda; 2) ...</p>
IG289.2022.1.29	CRISTO GALICIA,S.L. (B27232743)	MELLORA DE PROCESOS EN CRISTO GALICIA	<p>O beneficiario non cumpre o establecido no artigo 5.7 d) das Bases reguladoras (BBRR) para investimentos e gastos de importe igual ou superior aos 15.000 €: Todas as ofertas deberán mostrar unha data de emisión e un prazo de validez. As ofertas non poderán ter un prazo de validez vencido na data de presentación da solicitude.</p> <p>O proxecto non cumpre o importe subvencionable mínimo establecido no artigo 1.4 das BBRR: Unha vez retirados os importes dos conceptos de que non cumpren o establecido no artigo 5.7 d), a cantidade resultante non acada o importe subvencionable mínimo (12.000 €).</p>
IG289.2022.1.31	KARTIN,S.L. (B36105930)	Implantación Soluciones avanzadas y Sostenibles KARTIN, S.L	Non cumpre a condición de beneficiario: O artigo 13 do Regulamento 651/2014 polo que se declaran determinadas categorías de Axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado determina que as Axudas de finalidade rexional non son de aplicación para o sector dos transportes.

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG289.2022.1.33	CARGOFFER INVESTMENTS, S.R.L. (B16805855)	CARGOFFER: Marketplace digital para servicios logísticos	<p>O proxecto non cumpre o establecido no artigo 1 "Obxecto" das Bases Reguladoras, relativo aos proxectos individuais: Os proxectos poderán ser proxectos individuais en que unha peme aborda a implantación dun sistema de mellora da súa función loxística, parcial ou integral. O proxecto presentado non está orientado a mellorar os procesos loxísticos da empresa, desenvolve unha plataforma para dar servizos de mellora loxística a terceiros.</p> <p>O proxecto incumpre o artigo 5 "Conceptos de gastos subvencionable", apartado 9: No caso de investimento en activos intanxibles, para ser considerados subvencionables, deberán cumprir ademais todas estas condicións: 1) empregaranse exclusivamente no establecemento beneficiario da axuda; 2) ...</p>
IG289.2022.1.34	TRANSFERCAS, S.L. (B27171974)	CONTROL DA PRESIÓN REMOTA DAS RODAS DOS VEHICULOS SEMIRREMOLQUES E DAS AVARÍAS E LOCALIZACIÓN DOS MESMOS	Non cumpre a condición de beneficiaria: O artigo 13 do Regulamento 651/2014 polo que se declaran determinadas categorías de Axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, determina que as Axudas de finalidade rexional non son de aplicación para o sector dos transportes.
IG289.2022.1.35	OBIIOB INDUSTRIAL LOOPS, S.L. (B15678584)	AUTOMATIZACION E OPTIMIZACION DE PROCESO DE ECONOMIA CIRCULAR	Incumprimento do artigo 10.2.e) da lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia